

BASES DA CAMPAÑA

NESTE SAN VALENTÍN, MERCA EN MARÍN

1) OBXECTO

A Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, desenvolverá dende o 1 ao 18 de febreiro de 2019, ambos inclusive, a promoción “**NESTE SAN VALENTÍN, MERCA EN MARÍN**”. Esta Campaña pretende premiar a fidelidade dos clientes, transmitíndolle aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios.

2) ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na asociación, sempre e cando os mesmos se atopen abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado.

As bases estarán dispoñibles na páxina web www.estrelademarin.gal

3) PREMIOS:

Haberá diversos premios:

- 5 PACKS COMPOSTOS DE 1 XAMÓN E 1 ESTOXO DE VIÑO.
- 1 VALE COMPRA POR IMPORTE DE 100 €, A CANXEAR NO ESTABLECEMENTO QUE OUTORQUE O PREMIO.

Co obxectivo de que a campaña repercuta no máximo de establecementos posibles, un mesmo establecemento só poderá outorgar un vale premiado

Do vale non se devolverá cambio e terá como límite para o seu consumo o 18 de marzo de 2019. O establecemento que reciba este vale, deberá entregalo na oficina da asociación, acompañados dos tickets de venta, para o seu abono.

4) DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

Trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas participantes. Pode participar calquera persoa física, maior de idade, que realice algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada durante o período de vixencia da promoción.

Repartiranse entre todos os establecementos participantes 20.000 papeletas. A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estricto respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción. **Non poden participar na campaña os propietarios dos establecementos asociados, así como tampouco se admitirán boletos dos seus empregados ou familiares directos, selados no seu establecemento.**

Todos os datos introducidos polos participantes nas papeletas deberán ser veraces. No suposto de que o participante cumprimentase os mesmos con datos falsos ou utilizara de xeito inadecuado, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún. A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descalificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, ESTRELA DE MARÍN,

resérvase o dereito a exercitar todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.

As papeletas entregaranse na oficina da Asociación, antes das 12:30 horas do día 18 de febreiro. O sorteo realizarase o mesmo día 18 de febreiro, ás 13:00 horas, na sede social da asociación sita na Rúa Real nº 10 baixo 36900 Marín.

TÓDALAS PAPELETAS DEBERÁN VIR OBRIGATORIAMENTE SELADAS POLO ESTABLECEMENTO. AQUELAS PAPELETAS QUE NON VEÑAN SELADAS NON PARTICIPARÁN NO SORTEO.

5) ENTREGA E ACEPTACIÓN DOS PREMIOS

ESTRELA DE MARÍN, porase en contacto cos gañadores dos vales no número de teléfono facilitado na papeleta, a partir das 13.15 horas do día no que se efectuará o sorteo.

Para elo realizaranse dous intentos de comunicación telefónica. Unha vez contactado o gañador deberá confirmar por calquera medio (telefónico ou escrito) a súa aceptación do premio. No suposto de que o gañador non aceptara o premio nas condicións e prazos establecidos ou non puidera ser localizado mediante os datos facilitados, pasarase a identificar aos suplentes por orden, seguindo idéntico proceso. De resultar infructuoso o intento, o premio quedará deserto.

A ENTREGA DE PREMIOS TERÁ LUGAR O MARTES DÍA 19 ÁS 13 HORAS. NO SUPOSTO DE QUE NON PUIDESE ASISTIR @ GAÑADOR@, PODERÁ RECOLLER O PREMIO CALQUERA OUTRA PERSOA PRESENTANDO O DNI DA PERSOA GAÑADORA. NO

CASO DE NON ACUDIR, ENTÉNDESE QUE RENUNCIA AO PREMIO.

Ningún dos premios da presente promoción poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación o cesión a petición dos gañadores.

6) LIMITACIÓNS PARA PARTICIPAR

ESTRELA DE MARÍN resérvase o dereito, se concurre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción. A simple participación implica a aceptación destas Bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, ESTRELA DE MARÍN, quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométense a admitir a decisión interpretativa que ESTRELA DE MARÍN poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

Así mesmo, se a persoa que figura na papeleta gañadora fose un menor, poderá representalo os seus pais ou tutor legal.

7) EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- ESTRELA DE MARÍN non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- ESTRELA DE MARÍN non será responsable si ao tratar de contactar co teléfono do gañador ou o seu correo electrónico están fóra de servizo ou non o reciben axeitadamente.

8) DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES.

REPERCUSIÓN FISCAL

ESTRELA DE MARÍN non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei lle correspondan satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

- De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF e o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premios sexa superior a 300 €.

- ESTRELA DE MARÍN queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

9) TRATAMENTO DOS DATOS DE CARACTER PERSOAL

9.1. Identidade do responsable do tratamento.

O responsable do tratamento é Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín – CIF G36518009 e domicilio social en Rúa Real nº10 baixo, 36900 Marín (Pontevedra). Pode contactar co Delegado de Protección de Datos enviando un correo electrónico a info@estrelademarin.es. A Asociación Centro Comercial Local Estrela

de Marín tratará estos datos coa máxima confidencialidade e só efectuará comunicacións ou cesións a terceiros cando sexa estrictamente necesario para a xestión ou dinámica do concurso.

9.2 Finalidade do tratamento do seus datos.

En cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), Estrela de Marín informa ao participante na campaña que todos os datos de carácter persoal que nos proporcionan tratámoslos coa finalidade de xestionar a presente campaña incluíndo, no seu caso, a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases dos gañadores de forma previa á asignación de premio, e a difusión dos gañadores.

O titular dos datos manifesta ser maior de dezoito anos de idade. En caso de que o titular dos datos sexa menor de idade, Estrela de Marín informa que non procederá ao tratamento dos seus datos e estes serán destruídos, coa consecuencia de non poder participar no concurso.

9.3 Categoría de datos tratados.

Trataranse os datos procedentes do propio interesado que consisten nos datos de identificación, teléfono e correo electrónico.

Os datos de carácter persoal que faciliten os participantes no concurso deberán ser veraces e completos.

9.4 Base de lexitimación dos datos e prazo de conservación.

A base de lexitimación para o tratamento dos seus datos para a finalidade de xestionar a súa participación na campaña e o sorteo é a execución das bases do concurso.

Os datos persoais proporcionados necesarios para xestionar a participación no concurso conservaranse ata que sexan necesarios para a execución das bases da campaña e posteriormente ata a prescrición de calquera responsabilidade legal que poida xurdir do mesmo unha vez finalizado.

Non está prevista a cesión algunha dos datos suministrados máis alá da antedita utilización pública do seu nome e/ou imaxe como gañador/a dos premio obxeto do sorteo.

9.5 Dereitos dos interesados.

Ao aceptar as bases da presente campaña, o interesado consnte que os seus datos sexan tratados coas finalidades anteriormente indicadas. A non aceptación das bases conleva a renuncia ao premio. Estrela de Marín garantiza a confidencialidade e a seguridade dos seus datos de carácter persoal. As políticas de tratamento e medidas de seguridade implantadas en Estrela de Marín evitan a alteración, perda, tratamento ou uso non autorizado dos seus datos de carácter persoal.

O participante ten dereito a exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade dos datos e

limitación de tratamento. Para exercer tales dereitos, e para calquera aclaración, pode contactar con nós por correo postal, adxuntando fotocopia de DNI, NIE ou pasaporte a Rúa Real nº10 baixo 36900 Marín (Pontevedra), ou ben remitindo un email á dirección info@estrelademarin.es. Para máis información sobre os seus dereitos ou presentar unha reclamación pode obter máis información en www.aepd.es.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Aos efectos previstos na Lei Orgánica 1/1982 de 5 de maio de Protección Civil do Dereito á Honra á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, os gañadores desta promoción autorizan a ESTRELA DE MARÍN a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, enderezo e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

10) ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación integra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe ESTRELA DE MARÍN. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases por ESTRELA DE MARÍN, serán competentes para coñecer dos



**ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL
LOCAL ESTRELA DE MARÍN**
Rúa Real nº 10, baixo, 36900 Marín
Telf. e Fax: 986 89 11 12
XERENCIA
Móvil: 690 86 89 28
info@estrelademarin.es
www.estrelademarin.gal

litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Pontevedra, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Marín a 31 de xaneiro 2019